MEMORIA EXPLICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA E CRUZ ROJA ESPAÑOLA EN GALICIA PARA A EXECUCIÓN DO PROGRAMA "FAMILIAS ACOLLEDORAS", DIRIXIDO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA ALLEA DE MENORES EN SITUACIÓN DE RISCO OU DESAMPARO, NO ANO 2026.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.23, atribúelle á Comunidade Autónoma a competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo a Consellería de Política Social e Igualdade o órgano da Administración autonómica ao que lle corresponde, entre outras, o exercicio das competencias e funcións en materia de infancia e menores.

A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 14.1.b) do Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil; na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/a menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e na Lei orgánica 8/2015, del 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, a Lei 26/2015, de 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e a Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia e, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Con base nestas competencias, a Consellería de Política Social e Igualdade estima conveniente a sinatura dun convenio de colaboración coa Cruz Roja Española en Galicia para o desenvolvemento, na Comunidade Autónoma de Galicia, do *Programa "Familias Acolledoras"* polos profesionais designados pola entidade. O dito convenio está destinado a prestar apoio á entidade Cruz Roja Española en Galicia para o desenvolvemento do programa citado, que permite difundir e sensibilizar á sociedade cara a esta figura, captar e seleccionar as familias idóneas e axudalas durante todas as fases do proceso de acollemento, o que inclúe, entre outros aspectos, informar as familias, formalas sobre as condicións nas que se vai a levar a cabo o acollemento e servir de apoio técnico, unha vez formalizado, este que permita unha mellor integración do neno, nena ou adolescente na familia.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: yrNIGirziGM7 https://sede.xunta.gal/cve

A través deste programa, as dúas partes establecen o marco dunha colaboración mutua de cara á consecución do obxectivo prioritario deste convenio: a consecución do benestar das persoas menores en situación de risco ou desamparo, para o que se considera imprescindible a súa integración en ambientes familiares normalizados.

Cruz Roja Española en Galicia é unha organización non gobernamental cun amplo historial de actuacións no eido da intervención social e está inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E0023.

Como entidade de iniciativa social sen ánimo de lucro desenvolve unha acción preventiva dirixida á totalidade da infancia e encamiña os seus esforzos a protexer, de xeito específico, as persoas menores e familias en dificultade social.

Cruz Roja Española en Galicia, como beneficiaria da axuda, actúa dunha forma directa e informa e instrúe as familias que queren formar parte do programa , comprometéndose estas a acoller as persoas menores en situación de desamparo ou desprotección social e a darlles unha atención temporal nun ambiente normalizado, evitando así o seu acollemento residencial.

Así, as actividades concretas que se desenvolven neste programa son:

Sensibilización e captación de familias acolledoras. Actividades difundindo o proxecto para conseguir a vinculación e o compromiso de persoas e familias como posibles Familias de Acollida.

Formación – valoración de familias acolledoras. Achega a información necesaria para establecer a adecuación dunha familia como acolledora

Preparación e formación do acollemento. Ofrecer recursos que permitan ás familias afrontar o seu proxecto de acollemento desde o "saber" e o "sentir".

Colaboración na execución do Plan Individualizado de Protección.

Seguimento e soporte do acollemento. Facilitar o proceso de integración, acomodación e adaptación mutua do neno ou nena e da familia acolledora.

Finalización e peche do proceso. Traballar desde o inicio a preparación ao neno ou nena e á familia para que a despedida transcorra dun modo adecuado.

Establecido un sistema de xestión e coordinación que nos permite realizar o seguimento e avaliación do programa, a través da xestión de recursos económicos, materiais e participación do voluntariado.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: yrNIGirziGM7 https://sede.xunta.gal/cve

Por outra banda, a Cruz Roja Española en Galicia aporta o valor engadido de achegar cartos para o desenvolvemento do programa procedentes da concesión da subvención para a realización de programas de cooperación e voluntariado sociais, con cargo á asignación tributaria do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, que permite a súa realización en condicións económicas máis vantaxosas para a Consellería de Política Social e Igualdade.

Cómpre sinalar, en relación ao establecido nos artigos 19.4.a) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 31.2 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que a Cruz Roja Española en Galicia leva desde o ano 1995 desenvolvendo na nosa Comunidade Autónoma o programa de acollemento familiar en familia allea, obxecto deste convenio, contando co persoal especializado necesario nas catro provincias galegas, os recursos e estrutura necesarios, o recoñecemento, coñecemento e solidez precisas para ofrecer garantías ás posibles familias acolledoras e a experiencia e bo facer para a súa adecuada realización.

Así mesmo, ven traballando na integración e seguimento dos acollementos xa realizados, e en vigor, nalgún momento previo, dispoñendo, polo tanto, de coñecementos e interacción coas familias, que é necesario potenciar, polo que, non se atopa outra entidade, na nosa Comunidade Autónoma, que leve a cabo un programa destas características, é polo que se entende necesario dar continuidade a un programa que tan bos resultados leva acadados ata a data.

Para o cumprimento da finalidade prevista neste convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade achegará 663.866,00 €. Dito importe ven reflectido nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, partida orzamentaria 08.02.312B.481.2, do proxecto de gasto 2015 00488 coa denominación "Programas de Intervención con Menores", finalidade "Convenio con Cruz Vermella – Programa de familias acolledoras", polo que non precisa autorización do gasto polo Consello da Xunta.

Por todo o exposto, téndose fiscalizada unha retención de crédito polo indicado importe solicítanse informes previos da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada sobre se o texto do convenio se axusta á normativa vixente.

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO JOSE
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 25/08/2026 10:27:08

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: yrNIGirziGM7 https://sede.xunta.gal/cve